

Mapa do proxecto "As Escolas da Emigración".

Escrito por
Xoves, 07 Xullo 2011 21:14



O proxecto "As Escolas da Emigración" ten por obxectivo por en valor a memoria e os testemuños da acción solidaria e altruísta dos nosos emigrantes, levado adiante polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega (CCG).

No ano 2008 o Consello da Cultura Galega e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, asinaron un convenio de colaboración para a realización, entre outros proxectos, dun catálogo coas construcións escolares financiadas desde a emigración nas provincias de Lugo e de Ourense. Proxecto que tivo continuidade coa sinatura dun novo convenio entre ambas as institucións no ano 2009 co obxectivo de ampliálo ás escolas das provincias da Coruña e Pontevedra.

Mapa das Escolas da Emigración.

Percorrido virtual polas catro provincias galegas nas que se poden atopar sinaladas as escolas impulsadas polos emigrantes. De momento o mapa recolle os edificios situados en Lugo e Ourense.

[Mapa](#) Catálogo das Escolas da Emigración.

De momento o proxecto leva catalogadas 113 escolas en todo o territorio de Galicia, das que se poden apreciar imaxes e un texto descriptivo

[Catálogo](#)